

# **Manifesto “Construíndo o mundo que queremos!”**

## **Non deixemos a ninguén atrás!**

### **Esiximos solucións baseadas en dereitos**

A pobreza e a desigualdade son cada vez máis extremas, intensas e crónicas. É urxente cambiar este sistema que xera riqueza para o 1% e un empobrecemento xeneralizado para o resto da poboación. Un sistema que fomenta a guerra para o control xeoestratéxico dos recursos, destrúe a natureza e incrementa as desigualdades sociais.

Sabemos cales son os problemas e coñecemos moitas das súas causas estruturais; tamén sabemos que existen solucións reais e factibles.

Existen compromisos internacionais, como os recentemente acordados Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable, os protocolos de Dereitos Humanos, as Convencións da OIT por un traballo decente ou o Acordo de París sobre Cambio Climático, que necesitan ser cumpridos para garantir un cambio de rumbo e o cumprimento dos dereitos de todas e todos. Non cumprilos significa continuar pola mesma senda do aumento das desigualdades, da pobreza e do autoritarismo.

Existen múltiples crises. Unha das máis graves é a crise de valores, na que os dirixentes políticos demostran constantemente a súa irresponsabilidade e a súa falta de vontade por cambiar as cousas. É especialmente lamentable o papel que están a xogar coa súa política de non-acollida das persoas migrantes e das solicitantes de refuxio ou asilo.

Tampouco podemos esquecer a posta en marcha de políticas que aumentan sen parar as desigualdades, a taxa de paro, os niveis de pobreza, a brecha de xénero. Incúmpanse sistematicamente os compromisos de protección social e dereitos básicos como a sanidade, a educación, a dependencia...

Ante tal situación, como cidadanía, presentamos propostas baseadas en dereitos e esiximos políticas cuxo centro sexa a xustiza social e ambiental. **ESIXIMOS:**

- **Solucións baseadas en Dereitos e Xustiza** para atallar as desigualdades e frear o incremento da pobreza, das desigualdades e o deterioro ambiental en calquera lugar do planeta.

En concreto Ampliar os orzamentos de Educación, Sanidade, Igualdade, Dependencia, Servizos Sociais, Cooperación e políticas de promoción do emprego. Que se avance cara o cumprimento do compromiso do 0,7% da RNB para Cooperación ao Desenvolvemento e se destine un 30% do PIB a investimento social-

- **Políticas coherentes coa defensa dos dereitos humanos e a protección ambiental en todo o planeta.**

Aquelas que teñen un impacto directo da vida das persoas máis vulnerables ou empobrecidas e con especial atención ás políticas que mitigan as desigualdades estruturais de xénero.

- **O Rexeitamento dos tratados comerciais como o CETA, o TISA, ou o TTIP** que, negociados ás costas da cidadanía, ameazan a democracia, multiplican o poder das multinacionais e limitan os dereitos das persoas e a

protección do medioambiente. Avogamos por un Tratado Internacional dos Pobos para o Control das Empresas Trasnacionais.

- **Xustiza Fiscal** a través de políticas tributarias xustas, progresivas e suficientes, **que sosteñan as políticas sociais e ambientais.**

-Demandamos a transición cara a un modelo enerxético sustentable-

-A completa erradicación dos paraísos fiscais e a loita contundente contra o fluxo ilícito de capitais.

-É imprescindible que se promulgue unha lei contra a fraude fiscal. As empresas que operan en España han de ser transparentes na súa información financeira tanto en España como en todos os países nos que operan.

- É necesario que o recadado a través dun Imposto ás Transaccións Financeiras sexa destinado a financiar – de forma adicional – políticas de cooperación e para frear o cambio climático.

En definitiva,

Unha axenda universal e transformadora, na que as **persoas** e o **planeta** ocupen un lugar central, co compromiso de **todos os actores**: gobernos, sector privado e sociedade civil.

Cuxo principal desafío sexa

- Combater a pobreza e as desigualdades para garantir unha vida digna para todas as persoas do mundo.
- A través dun crecemento inclusivo, que teña en conta non só o PIB, senón tamén o benestar humano, a sustentabilidade e a equidade.
- E tendo sempre presente que a nosa economía e a satisfacción das nosas necesidades descansan directamente sobre o equilibrio dos ecosistemas

Porque os problemas que afectan a calquera persoa son problemas de **todos e todas.**